

Concentración na Ramallosa: Convidan a vestir de negro en repudio aos asasinatos machistas.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Luns, 19 Decembro 2016 22:24



Está convocada para este martes 20 de decembro ás 20 horas unha concentración en repudio da violencia machista na contorna da Ponte da Ramallosa. Os colectivos Asociación de Mulleres Área Loura, Comando Ghichas e mais o Grupo de Acción e Concienciación Social do Val Miñor asinan esta convocatoria na que se solicita concorrer vestido de negro en sinal de loito e repudio polos [recentes asasinatos de dúas mulleres esta fin de semana](#) en Galicia e mais outra vítima da violencia machista en Tarragona.